

Curso académico: 2025/26

200282 - Publicacións Dixitais

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 200282

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Optativa

Curso: 4

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Acta: Grupo 1: Pendente

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Laura Rey Carbajal

Profesorado: Laura Rey Carbajal

1. Descrición xeral

Nesta materia repasarase a evolución da comunicación editorial desde as publicacións en papel ata o actual soporte móbil. Tamén se analizasen as posibilidades creativas, narrativas e visuais dos novos soportes, así como os distintos dispositivos dispoñibles.

Para finalizar, partindo do UCD (Deseño Centrado no Usuario) e atendendo a criterios de usabilidade, cada estudante deseñará a súa propia publicación dixital.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- [A01] Comunicar mensaxes audiovisuais.
- [A02] Crear produtos audiovisuais.
- [A03] Xestionar proxectos audiovisuais.
- [A06] Coñecelo sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
- [A07] Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual.
- [A08] Coñecela tecnoloxía audiovisual.
- [A12] Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
- [B08] Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Coñecer os tipos de publicacións dixitais existentes (segundo temática/xénero e soporte)	A7 A8 A12	B8 B9 C3 C4
Coñecer os elementos imprescindibles dunha correcta composición editorial	A1 A2 A7 A8 A12	B8
Aprender a adecuar os contidos, as cores, tipos, formas, elementos audiovisuais... á composición editorial para a contorna dixital	A1 A2 A7 A8 A12	B8
Coñecer as técnicas e ferramentas de composición editorial dixital.	A1 A2 A7 A8 A12	B8
Aprender conceptos básicos de interactividade e usabilidade para o adecuado deseño das publicacións dixitais	A1 A2 A3 A7 A8 A12	B8
Coñecer todas as fases do proceso para ser quen de afrontar un proxecto editorial dixital de principio a fin	A1 A2 A3 A6 A7 A8 A12	B8 C2 C4

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	TEMA 1. INTRODUCCIÓN. TIPOS DE PUBLICACIÓNS: DO MUNDO ANALÓXICO AO DIXITAL: 1.1. Breve historia da comunicación editorial. 1.2. Cambios no consumo e a narrativa de contidos editoriais: do papel á tablet pasando pola web. 1.3. Novos medios e soportes. Novas posibilidades. 1.4. Panorama actual. É o fin das publicacións en papel?	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08, C02.	MAG39.	SEG39.

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	TEMA 2. OS CONTIDOS DIXITAIS. CONTIDOS EN MOBILIDADE. DISTINTOS FORMATOS: 2.1. Consumo de información e entretemento en soporte dixital. 2.2. Formatos en función do tipo de publicación 2.3. Formatos en función do xénero e temática 2.4. Formatos en función do grao de interactividade	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.
Tema	TEMA 3. DISPOSITIVOS PARA OS QUE DESEÑAR: SMARTPHONE, TABLET, IOS/ANDROID...: 3.1. Características dos diferentes dispositivos móbiles 3.2. Características dos diferentes sistemas operativos	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.
Tema	TEMA 4. ELEMENTOS DUNHA PUBLICACIÓN INTERACTIVA: DO TEXTO AOS CONTIDOS AUDIOVISUAIS. DESEÑO VISUAL E ARQUITECTURA DE CONTIDOS: 4.1. Elementos estáticos, dinámicos e interactivos. 4.2. Redacción e composición 4.3. Deseño de publicacións: estilo visual, tipografía, paleta de cor, ritmo, maquetación... 4.4. Arquitectura de contidos. A árbore de navegación.	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.
Tema	TEMA 5. ANIMACIÓN E DESEÑO DE INTERACCIÓN. USABILIDADE EN DISPOSITIVOS MÓBILES: 5.1. Deseño Centrado no Usuario (UCD). 5.2. Animación e deseño de interacción. 5.3. Usabilidade en dispositivos móbiles	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.
Tema	TEMA 6. FERRAMENTAS DISPOÑIBLES PARA O DESEÑO DE PUBLICACIÓNS DIXITAIS: 6.1. Software para deseñar publicacións dixitais 6.2. Opcións de uso e distribución.	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.
Tema	TEMA 7. PLATAFORMAS DE PUBLICACIÓN. COMERCIALIZACIÓN: 7.1. Publicación do produto editorial: plataformas propias, Google Play, App Store... 7.2. Opcións de comercialización 7.3. Monetización e publicidade. 7.4. Plan de marketing e comunicación.	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08.	MAG39.	SEG39.

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	Titorización dos proxectos do alumnado	2,00	0,00	0,00	B09, C02, C03, C04.
Obradoiro [MAG16]	Creación e deseño de publicacións dixitais para soportes móbiles	20,00	0,00	106,00	A01, A02, A03, A07, A08, A12.

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Sesión maxistral [MAG39]	Docencia sobre os contidos do temario	20,00	0,00	0,00	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08, B09, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		42,00	0,00	106,00	
Horas totais				148,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Obradoiro [SEG16]	Entrega de traballos prácticos en grupo e individuais consistentes no deseño e implementación de diferentes tipos de publicacións dixitais.	70,00	A01, A02, A03, A07, A08, A12.
Sesión maxistral [SEG39]	Exame sobre os contidos da materia	30,00	A01, A02, A03, A06, A07, A08, A12, B08, B09, C02, C03, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Alumnado presencial

O alumnado presencial será avaliado en función dos traballos de prácticas solicitados ao longo do curso e o traballo final da materia (entregado en tempo e forma, cumprindo cos requirimentos especificados para o mesmo).

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en toda as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

5.2. Segunda oportunidade

No caso de suspender, a avaliación na segunda oportunidade será idéntica á primeira, pero se o/a estudante ten aprobada unha parte dos traballos tutelados, so deberá examinarse da parte suspensa. A vixencia da nota da parte aprobada quedará limitada á convocatoria do ano académico en curso.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en toda as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

5.3. Oportunidade adiantada

A avaliación da oportunidade adiantada será idéntica á primeira, pero se o/a estudante ten aprobada unha parte dos traballos tutelados, so deberá examinarse da parte suspensa. A vixencia da nota da parte aprobada quedará limitada á convocatoria do ano académico en curso.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en toda as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

5.4. Dispensa académica

O alumnado con dispensa académica será evaluado en función dos mesmos criterios da primeira convocatoria, malia que se establecerá formalmente entre profesorado e cada alumno/a a forma, prazo e formato de entrega dos traballos prácticos.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en toda as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Caldwell, Cath., Zappaterra, Yolanda (2014). Diseño editorial periódicos y revistas - medios impresos y digitales. Gustavo Gili, 2ª ed., nueva ed., act. y ampl.. Libro. [\[URL\]](#)
- López Alonso, Rodrigo. (2013). Diseño de periódicos y revistas en la era digital. Fragua. Libro. [\[URL\]](#)
- Magal Royo, Teresa., González del Río Cogorno, Jimena.; Defez García, Beatriz. (2007). Diseño gráfico editorial. Universidad Politecnica. Libro. [\[URL\]](#)
- Weber, Max (2010). Nuevas tendencias en maquetación y diseño editorial. Maomao. Libro. [\[URL\]](#)